



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

CENTRO DE ARTESANÍA E DESEÑO

Anuncio

BASES DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA PROMOCIÓN DA ARTESANÍA ANUALIDADE 2019

A Subárea de Cultura, Patrimonio Histórico, Artesanía e Deseño e Educación a través do Centro de Artesanía e Deseño, ten entre as súas competencias as de contribuír á difusión, promoción e coñecemento da artesanía en todas as súas vertentes e á realización de actividades, accións e desenvolvemento de iniciativas de difusión e extensión á sociedade de todas aquelas manifestacións e creacións que engloba o amplo concepto de "artesanía", entendido como accións inseridas dentro da bagaxe cultural dun pobo e da súa cultura tradicional, nas súas diferentes perspectivas e interpretacións, vinculadas ao devir histórico do pobo galego na súa caracterización pasada e na súa aposta de futuro e que forman parte do noso patrimonio cultural.

A Área de Turismo e Cultura da Deputación de Lugo, a través do Centro de Artesanía e Deseño, impulsa así o programa PROMOCIÓN DA ARTESANÍA ano 2019, na liña de promover o achegamento da poboación en xeral a actividades relacionadas coa artesanía dentro das súas múltiples perspectivas, dirixido a asociacións sen ánimo de lucro e concellos, e así mesmo artesáns e artesás, que poderán solicitar acollérense a este programa.

1.- OBXECTO

Constitúe o obxecto destas bases a ordenación do procedemento de participación de concellos, e entidades sen ánimo de lucro da provincia de Lugo, e así mesmo da participación de artesáns e artesás da provincia de Lugo, para se acolleren ao programa PROMOCIÓN DA ARTESANÍA, ano 2019 do Centrad da Área de Turismo e Cultura da Deputación de Lugo, de demostracións no campo da artesanía.

*Demostración: no ámbito desta convocatoria, entenderase por demostración aquela actividade ou acción a desenvolver en feiras, festas e outros eventos públicos xeralmente relacionados e vinculados coa promoción e/ou difusión da artesanía e/ou promoción económica, e destinada a promover a percepción por parte do público en xeral dun determinado labor artesanal, dos materiais utilizados e de calquera outro elemento vinculado a esa disciplina.

En calquera caso, a Área de Cultura e Turismo a través do Centrad poderá requirir do solicitante a documentación e/ou declaracións que considere precisas que permitan valorar e determinar a relación do evento/feira ou festa coa promoción e/ou difusión da artesanía e/ou promoción económica, de acordo coas circunstancias indicadas anteriormente.

Ao tratarse de actividades de natureza artesanal e artística, organizados por promotores alleos á Deputación de Lugo, considérase que non resultaría o máis conveniente establecer un procedemento de concorrencia competitiva para a selección dos beneficiarios, ante a dificultade que podería ofrecer á hora de tratar de obxectivar os criterios de selección. Por tal motivo, e aplicando analoxicamente o disposto no artigo 22.2 c) da Lei xeral de subvencións, establécese un procedemento de concorrencia pública, pero de carácter non competitivo, no que se seleccionarán aos beneficiarios do programa atendendo á orde de presentación no rexistro ata esgotar o orzamento asignado

2. BENEFICIARIOS E PARTICIPANTES

2.1 BENEFICIARIOS

Este Programa vai dirixido tanto aos Concellos como ás entidades sen ánimo de lucro da provincia, que estean xuridicamente constituídas, e que teñan entre as súas finalidades a promoción e a difusión da cultura galega.

A Área de Cultura e Turismo, a través do Centrad, asumirá unicamente o pagamento dos custos derivados do artesán/artesá que desenvolva a demostración. Calquera outro gasto derivado do deseño, execución e desenvolvemento da demostración será por conta da entidade ou concello solicitante.

Quedan excluídos deste programa as administracións locais de concellos maiores de 20.000 habitantes.

As demostracións deberán estar abertos a toda a poboación e ser de carácter gratuito.

Quedan así mesmo excluídos deste programa, aquelas asociacións de carácter relixioso, político, militar, e en xeral, que sexan corporativas restritivas, dado que o seu fin non é a promoción da acción para a poboación xeral, senón exclusivamente entre o colectivo dos seus asociados/as e das súas familias (dado que non se trata de asociacións e colectivos abertos a poboación en xeral, senón a membros, familiares e persoas xurídicas vinculadas a un colectivo concreto).

Así mesmo e de acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, quedan excluídas do programa aquelas actividades e accións que inclúan tácita ou implicitamente contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

2.2 ARTESÁNS/ÁS PARTICIPANTES

Así mesmo, o Programa PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2019 está destinado á participación (previa solicitude de inclusión dentro da listaxe de artesáns/artesás participantes) dos artesáns e artesás das distintas disciplinas incluídas na presente convocatoria e que estean en posesión da respectiva carta de artesán/artesá para a respectiva disciplina, e que cumpran cos requisitos establecidos na presente convocatoria.

Así mesmo, para as empresas que desenvolvan actividade artesanal e que contén co artesán/artesá en posesión da correspondente carta de artesán/á as disciplinas incluídas na presenta convocatoria.

3.- DISCIPLINAS

Para os efectos da execución e desenvolvemento do presente programa establécense as seguintes tipoloxías de demostracións en base á relación de actividades artesanais incluídas na ORDE do 12 de abril de 2017 pola que se revisa a relación de actividades artesás recollidas no anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía (Diario Oficial de Galicia número 79, do 25 de abril de 2017), ou no seu caso na normativa que a derroga e/ou substitúa.

ANEXO I da ORDE do 12 de abril de 2017 pola que se revisa a relación de actividades artesás recollidas no anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía (Diario Oficial de Galicia número 79, do 25 de abril de 2017) Relación de actividades artesanais agrupadas segundo a Clasificación nacional de actividades económicas (Clasificación segundo o Real Decreto 475/2007, do 13 de abril, polo que se aproba a Clasificación nacional de actividades económicas 2009 (CNAE-2009), e o disposto no artigo 4 da Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia).

División 13. Industria téxtil

Núm. de orde	Denominación
1	Tecidos, tecedor(a) (alto e baixo lizo, alfombras, tapices...)
2	Centón (retallos)
3	Decoración de teas, decorador(a) de teas
4	Encaixes, encaixeiro(a), palilleiro(a), picador(a) de cartóns
5	Calceta, calceteiro(a), gancho, gancheiro(a)
6	Bordados, bordador(a)
7	Produtor(a) e reparador(a) de redes, redeiro(a)

División 14. Confección de roupa de vestir

Núm. de orde	Denominación
8	Xastre(a)
9	Modisto(a)
10	Traxes tradicionais populares, produtor(a) de...
11	Peletaría, peleteiro(a)
12	Sombreiraría

División 15. Industria do coiro e do calzado

Núm. de orde	Denominación
13	Curtidos, curtidor(a)
14	Albardaría e talabartaría, albardeiro(a), ou talabarteiro(a)
15	Repuxado e decorado de coiro, repuxador(a) e...
16	Marroquinaría, marroquineiro(a)
17	Zoqueiro(a), produtor(a) de zocos e zocas
18	Zapataría, zapateiro(a)

División 16. Industria da Madeira e da cortiza, agás mobles, cestaría e espartaría.

Núm. de orde	Denominación
19	Tornaría, torneiro(a) de Madeira
20	Carpintaría, carpinteiro(a)
21	Tonelaría, toneleiro(a), selleiro(a)
22	Talla, tallista
23	Marquetaría, marqueteiro(a)
24	Imaxinaría, imaxineiro (a)
25	Cestaría, cesteiro(a)
26	Labores de palla, produtor(a) de labores de palla

División 17. Industria do papel.

Núm. de orde	Denominación
27	Papel, produtor(a) de papel
28	Manipulados de papel e cartón, manipulador(a) de papel e cartón (producción de obxectos con estes materiais)

División 18. Artes gráficas e servizos relacionados con elas.

Núm. de orde	Denominación
29	Encadernación, encadernador(a)
30	Serigrafía, serígrafo(a)
31	Gravados, gravador(a) reproduutor(a)

División 20. Industria química

Núm, de orde	Denominación
32	Pirotecnia, pirotécnico(a)

División 23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos.

Núm. de orde	Denominación
33	Vidreiro(a)
34	Vitralista(vidrieras)
35	Tallista de vidro
36	Cerámica, ceramista(decorador(a), muralista, esmaltista moldeador(a), etc.
37	Olaría, oleiro(a)
38	Cantaría, canteiro(a)
39	Talla de pedra ou mármore, tallista de pedra ou mármore

División 24. Metalurxia.

Núm. de orde	Denominación
40	Fundición, fundidor(a)
41	Fundición de campás, campaneiro(a)

División 25. Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamentos.

Núm. de orde	Denominación
42	Forxa e ferraría, ferreiro(a)
43	Latoaría, latoeiro(a)
44	Esmaltes, esmaltistas
45	Metalaría, metalisteiro(a) (Traballos de diverso tipo en metais-latón, cobre, estaño, titanio, alpaca, gravados decorativos, cicelados, repuxados, etc.)
46	Cerrallaría decorativa ou artística, cerralleiro(a) decorativo(a) ou artístico(a)
47	Caldeiraría, caldeireiro(a)

División 26. Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos.

Núm. de orde	Denominación
48	Construción e reparación de reloxos. reloxeiro(a)

División 30. Fabricación doutro material de transporte.

Núm. de orde	Denominación
49	Carpintaría de ribeira, carpinteiro(a) de ribeira

División 31. Fabricación de mobles.

Núm. de orde	Denominación
50	Tapizaría, tapiceiro(a)

51	Ebanistaría, ebanista
52	Dourado, dourador(a)

División 32. Outras industrias manufactureiras.

Núm. de orde	Denominación
53	Pratería, prateiro(a)
54	Xoiaría, xoieiro(a)
55	Ourivaría, ourive
56	Talla de pedras pedras preciosas ou semipreciosas, lapidario(a)
57	Talla de acibeche, acibecheiro(a)
58	Talla de coral, marfil, nácara, carei, ónix, etc., tallista de...
59	Bixutería
60	Produtor(a) de instrumentos musicais de corda ou luthier
61	Produtor(a) de instrumentos musicais de vento
62	Produtor(a) de instrumentos musicais de percusión
63	Produtor(a) de instrumentos tradicionais populares Galegos
64	Afinación de instrumentos musicais, afinador(a)
65	Palletas, palleteiro(a)
66	Produtor(a) de artigos deportivos
67	Xoguetes, xogueteiro(a), bonecos, bonequeiro(a)
68	Modelos ou maquetas, modelista ou maquetistas
69	Miniaturas, miniaturista
70	Taxidermia, taxidermista
71	Paraguas e bastóns, paraugueiro(a) ou bastoeiro(a)
72	Produtor(a) de perrunas ou postizos
73	Ceraría, cereiro(a) candeas e exvotos)
74	Figuras de pan tradicionais populares, produtor(a)

División 43. Actividades de construción especializada.

Núm. de orde	Denominación
75	Mosaicos, Produtor(a) de mosaicos
76	Pinturas e revestimentos decorativos, pintor (a)-decorador(a), estucador, etc.

División 47. Comercio polo miúdo agás de vehículos de motor e motocicletas.

Núm. de orde	Denominación
77	Arranxos florais con flores naturais ou secas, fabricación de flores de papel ou tea, etc.

División 74. Outras actividades profesionais, científicas e técnicas.

Núm. de orde	Denominación
78	Fotografía, fotógrafo(a) (proceso non automatizado)
79	Escaparatismo, escaparatistas
80	Rotulación
81	Complementos de modas

División 90. Actividades de creación, artísticas e espectáculos.

Núm. de orde	Denominación
82	Escultura, escultor(a)
83	Debuxo, debuxante
84	Restauración, restaurador(a) (madeira, mobiliario, papel, pintura, arqueoloxía, coiro, pedra, etc.)
85	Escenografía e cartelismo, escenógrafo(a) ou cartelista
86	Pirogravado, pirogravador(a)
87	Cartón pedra, produtor(a) de obxectos de cartón pedra e similares

División 96. Outros servizos persoais.

Núm. de orde	Denominación
88	Afiado, afiador(a)

4.- DURACIÓN E IMPORTES POR DEMOSTRACIÓN

En base aos datos fornecidos no desenvolvemento de demostracións dentro das planificacións anuais da actividade do Centrad, tanto no relativo aos importes satisfeitos como na duración de demostracións, e para os efectos da execución e desenvolvemento do presente programa, establécense os seguintes criterios:

DURACIÓN:

A duración total de cada demostración será de 4 horas.

IMPORTES:

O importe establecido para o custo do respectivo artesán/á de cada DEMOSTRACIÓN para os efectos da presente convocatoria será de: 300,00 €

5.- CONDICIÓN

A Deputación de Lugo comprométese a aboar a porcentaxe do 100 % dos custos **derivados exclusivamente do artesán/artesá (persoa física ou xurídica) que desenvolva a demostración** e, en todo caso, sempre que se acredite a realización da acción, aínda no caso de que puidese haber algún incumprimento de carácter formal por parte da entidade/concello solicitante da acción.

As demostracións deberán estar abertas a toda a poboación e ser de carácter gratuito.

Se por calquera causa imputable, -ben ao solicitante, ben ao artesán/a-, a demostración non se puidese desenvolver na súa totalidade, o custo final será proporcional ás horas efectivamente desenvoltas.

Igualmente correspóndelle á Deputación solucionar canto inconveniente puidera xurdir para o desenvolvemento do programa.

De non contar o programa con artesáns e/ou empresas nas respectivas disciplinas solicitadas, non se poderá atender a solicitude formulada, e en consecuencia propoñerase ao solicitante outra demostración doutra disciplina suxeita a dispoñibilidade na data solicitada, non caso de non houber, decaerá a petición.

Será competencia da Deputación de Lugo distribuír a programación das accións, tomando como base as datas reflectidas nas solicitudes formuladas, pero de acordo coas circunstancias derivadas do deseño e tramitación da convocatoria .

Tanto artesáns e artesás que soliciten participar no programa como entidades e concellos solicitantes da acción a desenvolver, deberán comprometerse a procurar a visualización do apoio do Centrad na execución da actividade.

Con ese obxectivo, os artesáns/ás solicitantes asumen o compromiso de portar algún elemento na súa indumentaria de traballo durante a realización da demostración no que figure o logo do Centrad-Área de Cultura e Turismo. O referido elemento fornecerao o Centro de Artesanía e Deseño.

En canto ao réxime dos contratos menores, estarase ao determinado polo marco normativo establecido polos artigos 29.8, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

6.- CONCELLOS OU ENTIDADES SOLICITANTES DA ACCIÓN

Con carácter xeral, dentro da presente convocatoria, os solicitantes só poderán optar a e solicitar como máximo 1 (unha) demostración.

O período de cobertura de solicitudes de demostracións establecido para o presente programa será o comprendido entre o 1 de marzo de 2019 e o 31 de decembro de 2019 (ambos os dous incluídos). En consecuencia, non se admitirán solicitudes referidas a demostracións de datas situadas fóra do período fixado no parágrafo anterior.

Cada petición deberá realizarse na súa correspondente solicitude individual, achegando respectivamente a documentación reflectida nesta convocatoria.

Por tanto, dentro dun mesmo evento, feira ou festa, só se poderá solicitar como máximo 1 (unha) demostración, (no caso de existir máis de unha solicitude para un mesmo evento, atenderase ao solicitante con número de entrada en rexistro da Deputación anterior).

OBRIGAS

- a) Organizar as accións velando polo seu correcto desenvolvemento.
- b) Utilizar o idioma galego nos carteis anunciadores e en toda a propaganda que se faga do evento.
- c) Contar co seguro de responsabilidade civil e danos a terceiros correspondente para a demostración solicitada.

Facer publicidade e distribuír os carteis anunciadores de que a acción pertence ao Programa de Promoción da Artesanía 2019 onde aparecerá o logo da Deputación de Lugo. En toda a publicidade que se faga do evento deberá aparecer o logo do Centrad-Área de Cultura da Deputación de Lugo (cuñas radiofónicas, anuncios prensa, cartelería...).

- d) Esta poderá, se o considera necesario, solicitar a xustificación da devandita publicidade.
- e) Non se poderá facer ningunha modificación na acción (data/hora ou artesán/artesá asignado) sen autorización expresa da Deputación, polo que se xorde calquera tipo de inconveniente deberán poñerse en contacto coa área de Cultura a través do Centrad

FAX: 982 219 014

E-MAIL: formacion.centrad@deputacionlugo.org

TELÉFONO: 982 21 00 66

- f) Achegar a documentación reflectida nesta convocatoria e calquera outra que se lles solicite para a acreditación das circunstancias da solicitude e realización da actividade.
- g) En ningún caso os beneficiarios das accións poderán elixir o artesán/artesá.
- h) A demostración deberá desenvolverse en local ou espazo público ou privado. O local ou espazo previsto deberá indicarse expresamente na respectiva solicitude. No caso de desenvolverse en local privado, este deberá ser de uso regular por parte da entidade e sen fins lucrativos, acreditando a titularidade e cobertura do mesmo por seguro correspondente.

O Centrad e a Deputación de Lugo quedan eximidas de calquera responsabilidade derivada da celebración e desenvolvemento da demostración acollida ao presente programa.

A entidade ou concello solicitante, ao se adherir a este programa, autoriza á Deputación a publicar os datos relativos á demostración, co fin de difundilos a través da páxina web co mesmo fin.

A Área de Cultura a través do Centrad resérvase o dereito de anular ou cancelar a participación no programa da entidade ou concello solicitante de se constatar o incumprimento dalgunha das condicións establecidas nas presentes bases.

Á hora de realizaren as solicitudes, tanto concellos como asociacións sen ánimo de lucro deberán ter en conta as necesidades e características do local ou espazo nos que prevén desenvolver a acción, tipoloxía da demostración e tipoloxía dos participantes.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida requirirase á entidade interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se non o fixer, considerárase desistida da súa petición, previa resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

7.- MODELOS DE SOLICITUDES E PRAZOS DE PRESENTACIÓN PARA CONCELLOS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

Prazo de presentación de solicitudes para concellos e entidades solicitantes: 15 días naturais desde a publicación no BOP da presente convocatoria en calquera dos rexistros autorizados conforme ao artigo 16 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común.

As solicitudes serán atendidas por rigoroso orde de entrada no Rexistro da Deputación de Lugo, todas aquelas solicitudes que sexan rexistradas despois da data indicada serán desestimadas por atoparse fóra de prazo.

As solicitudes deberán formular seguindo o modelo que se facilitará no Rexistro xeral da Deputación, na sede do Centrad ou na súa páxina web (www.centrad.org)

Deberanse cubrir todos os apartados da solicitude co fin de acreditar os fins, características, lugar de celebración e aceptación por parte dos solicitantes dos compromisos inherentes á solicitude.

Deberá presentarse unha solicitude individual por cada demostración que se solicite.

- a) ANEXO I SOLICITUDE DE DEMOSTRACIÓN Presentar a solicitude, debidamente cumprimentada, na que deberá figurar obrigatoriamente un enderezo de correo electrónico no que se comunicará se se concede a acción. Calquera comunicación entre a Deputación e os participantes farase prioritariamente por correo electrónico.
- b) ANEXO II DECLARACIÓN DE SER ORGANIZADOR OU CO-ORGANIZADOR DA ACTIVIDADE
- c) ANEXO III DECLARACIÓN XURADA DE ACEPTACIÓN DAS OBRIGAS, as establecidas na convocatoria e da asunción por parte do solicitante das responsabilidades con terceiros; así como a habilitación dun correo electrónico para futuras comunicacións
- d) ANEXO IV ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA ACTIVIDADE. Unha vez comunicada a asignación da acción por parte da Deputación, os beneficiarios terán un prazo de 3 días para enviar a aceptación ou renuncia da acción. O prazo contará a partir do momento en que o solicitante reciba o correo electrónico de concesión de acción, podendo remitirse os referidos Anexos por correo electrónico, no caso de non responder no prazo indicado, entenderase por desistida a súa solicitude.
- e) ANEXO V DECLARACIÓN RESPONSABLE DE REALIZACIÓN DE DEMOSTRACIÓN. Unha vez rematada á acción os Concellos e entidades solicitantes deberán facer chegar declaración de realización da demostración, no prazo de 10 días desde a celebración da mesma.

A SOLICITUDE DEBERÁ IR ACOMPAÑADA DA SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- Copia do DNI do alcalde/alcaldesa ou do presidente/a da entidade sen ánimo de lucro.

- No caso de entidades sen ánimo de lucro, copia dos estatutos nos que se acredite a cobertura da actuación solicitada dentro dos seus obxectivos e declaración responsable do compromiso de contar coa póliza do seguro de responsabilidade civil e danos a terceiros de cobertura da actividade. Deberá achegarse unha copia do recibo de pagamento como mínimo con 2 días de antelación á data de realización da actividade prevista.

- No caso de celebrarse a demostración en local privado, este deberá ser de uso regular por parte da entidade e sen fins lucrativos, acreditando a titularidade e cobertura do mesmo por seguro correspondente.

Será de aplicación a lexislación vixente de cumprimento das obrigas das administracións públicas galegas de fomento e normalización do idioma galego, e nomeadamente a ordenanza de uso da lingua galega na Deputación de Lugo .

8.- ARTESÁNS/ARTESÁS PARTICIPANTES NO PROGRAMA

Poderán participar (previa solicitude de inclusión):

- a) Os/as artesáns das distintas disciplinas incluídas nas presentes bases, que estean en posesión da correspondente carta de artesán/á, e que cumpran todos os requisitos que figuran na presente convocatoria.

- b) Empresas que desenvolvan actividade artesanal e que contén co artesán/artesá en posesión da correspondente carta de artesán/á das distintas disciplinas incluídas na presente convocatoria

A asignación de demostracións a cada artesán/á realizarase de acordo coas respectivas disciplinas e solicitudes formuladas por concellos e asociacións e de xeito alternativo, é dicir, por quenda sucesiva segundo a asignación inmediatamente anterior, en base ao seu posto na listaxe de artesáns/ás solicitantes de acordo coa data de presentación da respectiva solicitude de artesán /a.

OBRIGAS

- I. Realizar as accións nos lugares, días e horas asinados pola Deputación de Lugo.
- II. Expedir as respectivas facturas da acción realizada.
- III. Usar o idioma galego nas presentacións das accións.
- IV. Os artesáns/artesás e empresas, deberán contar cos seguros de responsabilidade civil pertinentes para a realización das accións. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa incluídas as situacións que se poidan producir non só durante a propia acción, senón tamén no desprazamento previo e posterior as accións por parte dos grupos participantes neste programa.
- V. Non se poderá facer ningunha modificación na acción, polo que se xurde calquera tipo de inconveniente deberán poñerse en contacto coa Área de Cultura a través do Centrad
- VI. En ningún caso os artesáns/artesás e empresas participantes no Programa elixen o lugar ou data da acción.

MODELOS DE SOLICITUDE, DOCUMENTACIÓN E PRAZOS DE PRESENTACIÓN

Prazo de presentación de solicitudes de inclusión na listaxe de artesáns/artesás participantes: 15 días naturais desde a publicación no BOP da presente convocatoria en calquera dos rexistros autorizados. As solicitudes deberán formular seguindo o modelo que se facilitará no Rexistro xeral da Deputación, na sede do Centrad ou na súa páxina web (www.centrad.org).

ANEXOS RELATIVOS A ARTESÁNS/ÁS EMPRESAS

- a) ANEXO VI INSTANCIA DE SOLICITUDE DE INCLUSIÓN DENTRO DO PROGRAMA PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2019, Presentar a solicitude, debidamente cumprimentada, na que deberá figurar obrigatoriamente un enderezo de correo electrónico no que se comunicará se se concede a acción. Calquera comunicación entre a Deputación e os participantes farase prioritariamente por correo electrónico.
- b) ANEXO VII DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIR COAS OBRIGAS ESTABLECIDAS NA LEI 9/2017, DE 8 DE NOVIEMBRE DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO DENTRO DO PROGRAMA PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2019
- c) ANEXO VIII DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN ESTABLECIDAS NAS BASES DENTRO DO PROGRAMA PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2019
- d) ANEXO IX ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA ACCIÓN ASIGNADA DENTRO DO PROGRAMA PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2019, no caso de non cubrir e enviar o Anexo IX no prazo establecido de 3 días dende a súa comunicación, se entenderá como unha renuncia a acción asignada.

Acompañados da seguinte documentación:

- I. Fotocopia do NIF/CIF.
- II. Documento emitido pola entidade bancaria do número de conta
- III. Copia da respectiva carta de cada artesán/artesá da disciplina ou disciplinas para as que presenta solicitude de participación.
- IV. Copia de certificado de estar de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas.
- V. Acreditación documental da relación entre a persoa xurídica solicitante e o artesán/á que desenvolva a actividade.

9. ORZAMENTO

A contía consignada para o programa Promoción da Artesanía para a anualidade 2019 é de 15.000,00 (quinze mil euros):

10.- RENUNCIAS

De producirse a renuncia por parte da asociación ou concello solicitante de demostración solicitada, unha vez asignado o respectivo artesán/á e aceptada expresamente a acción concedida, procederase á anulación inmediata de tal acción, con comunicación a este último de tal circunstancia, sen que en ningún caso proceda o pagamento previsto nestas bases, nin en ningún caso a substitución por outra acción.

O artesán/a afectado pasará a optar de xeito automático á seguinte asignación de acordo co seu posto na listaxe de artesáns/artesás participantes.

Tal renuncia, de non producirse por causas de forza maior, implicará como penalización a prohibición expresa do solicitante de acceder a outra demostración dentro da anualidade 2019 e no seu caso, da anualidade 2020.

De producirse a renuncia por parte do artesán/á unha vez asignado á respectiva demostración, procederase á anulación inmediata da acción solicitada de que se trate, con comunicación á asociación ou concello solicitante de tal circunstancia, sen que proceda, por tanto, o pagamento previsto nestas bases nin en ningún caso a substitución por outra acción.

Tal renuncia, de non producirse por causas de forza maior, implicará como penalización, o paso do artesán/artesá ao último posto da listaxe de artesáns/artesás participantes.

Lugo, 8 de febreiro de 2019.- O Presidente, P.D. Decreto nº 0402/2017, de data 24-02-2017, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.- A Secretaria Xeral, María Esther Álvarez Martínez.

ANEXO I

INSTANCIA DE SOLICITUDE DE DEMOSTRACION DENTRO DO PROGRAMA PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2019

D./D^a _____

DNI Nº _____, con domicilio para os efectos de notificación en _____
 _____, teléfono de contacto (fixo) _____ móbil _____ e correo electrónico _____, na condición de _____ do concello/asociación _____ CIF _____

SOLICITO DEMOSTRACIÓN:

(Indicar as disciplinas* artesanais de preferencia)

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.

(Facer constar a previsible data/s da acción solicitada): _____

Non se poderá modificar a data e lugar da demostración asignada sen a autorización expresa do Centrad.

En a de 2019

(sinatura)

**Segundo ANEXO I da ORDE do 12 de abril de 2017 pola que se revisa a relación de actividades artesanais recollidas no anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía (Diario Oficial de Galicia número 79, do 25 de abril de 2017) Relación de actividades artesanais agrupadas segundo a Clasificación nacional de actividades económicas (Clasificación segundo o Real decreto 475/2007, do 13 de abril, polo que se aproba a Clasificación nacional de actividades económicas 2009 (CNAE-2009), e o disposto no artigo 4 da Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia).*

ILMO. SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO II
DECLARACIÓN DE ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADE PROGRAMA PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2019

Don/ Dona _____, con
 DNI nº _____ como presidente ou representante da Asociación / Concello
 _____ CIF _____

DECLARO

Que a Asociación ou Concello que represento é o organizador ou coorganizador do evento (nome do evento ou celebración asociado á demostración) _____

_____, a celebrar en _____,
 o día/días _____ de _____ de 2019.

Que a demostración solicitada celebrarase no espazo:

PUBLICO se acreditará cun certificado de autorización de uso de espazo público

PRIVADO se acreditará mediante declaración de titularidade do espazo privado.

_____, a ____ de _____ de 2019

O Alcalde- Presidente/a

O/A Presidente

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ACEPTACIÓN DE OBRIGAS DENTRO DO PROGRAMA PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2019

D./D^a _____ con NIF
 nº _____, con domicilio para os efectos de notificación en
 _____ no Concello _____ con teléfono de contacto
 _____ e _____ correo electrónico
 _____ na condición de representante (nome da Asociación ou
 Concello) _____ CIF _____

FAGO CONSTAR:

- Que acepta e asume expresamente todas as obrigas e condicións establecidas na presente convocatoria, e asume así mesmo calquera responsabilidade con terceiros derivada da actividade.
- Declaro que a entidade que presido conta cos seguros e/ou asume a contratación do seguro de responsabilidade civil e danos a terceiros correspondente para a súa participación no programa PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2019 mediante o desenvolvemento de demostración solicitado/a, asumindo, así mesmo, as responsabilidades derivadas do incumprimento de calquera das circunstancias vinculadas ao desenvolvemento e realización da actividade solicitada, segundo as bases do citado programa.
- Habilita como dirección electrónica a sinalada no anterior apartado “Correo electrónico”, consentindo así mesmo a súa utilización, de conformidade co estipulado no artigo 151.3 e na Disposición Adicional Decimoquinta da LCSP.

En, _____ a _____ de _____ de 2019

(Sinatura)

O Alcalde/Alcaldesa

O Presidente/a

ANEXO IV

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA Á ACCIÓN CONCEDIDA DENTRO DO PROGRAMA PROMOCIÓN DA ARTESANÍA
2019D./ D^a _____, con DNI nº _____

como Alcalde/Alcaldesa do Concello / Presidente/a da Asociación de _____

_____ CIF _____

ACEPTO

RENUNCIO

A concesión de demostración dentro do programa PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2019

Prevista na data _____

En, _____ a _____ de _____ de 2019

(Sinatura)

ANEXO V

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE REALIZACIÓN DE DEMOSTRACIÓN A CUBRIR POLO BENEFICIARIO DA ACCIÓN DO PROGRAMA PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2019

Don/ Dona , con DNI nº como representante da Asociación / Concello con CIF

DECLARO:

Que o Artesán/Artesá/ Empresa desenvolveu de maneira satisfactoria a súa acción dentro do programa PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2019 na/s data/s....., en horario de, na localidade de pertencente ó Concello de

Que a demostración se desenvolveu de xeito público e con carácter gratuíto.

En, a de de 2019

(Sinatura)

ANEXOS ARTESÁNS/ÁS EMPRESAS

ANEXO VI

INSTANCIA DE SOLICITUDE DE INCLUSIÓN DENTRO DO PROGRAMA PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2019

D./D^a _____

DNI_____ con domicilio para os efectos de notificación en _____TELEFONO (fixo)
 _____móbil_____ e correo electrónico_____ na condición de representante/interesado (táchese o que non proceda) _____

Con NIF_____

SOLICITO:

A inclusión dentro do programa PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2019 do:

a) Artesán individual (PERSONA FÍSICA)

Nome _____NIF_____

Indique nome disciplina/s: (se acreditarán ca carta de artesá/án)

1.

2.

3

b) Empresa (PERSONA XURÍDICA):_____ CIF_____

Nome _____NIF_____

Indique nome e DNI do artesán/á e disciplina:

1.

2.

3

En a de 2019

(sinatura)

ILMO. SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXOS ARTESÁNS/ÁS EMPRESAS

ANEXO VII

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIR COAS OBRIGAS ESTABLECIDAS NA LEI 9/2017, DE 8 DE NOVEMBRO DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO DENTRO DO PROGRAMA PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2019

D/Dª			
Rúa/Praza		Nº	
Poboación		CP	
DNI		Expedido con data	
Correo Electrónico			
<input type="checkbox"/> En nome propio			
<input type="checkbox"/> En representación		CIF	
de			
Rúa/Praza		Nº	
Poboación		CP	
Correo Electrónico			

DECLARO RESPONSABLEMENTE

Que a persoa física ou xurídica:

- Ten plena capacidade de obrar, e a habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, de conformidade co estipulado nos artigos 65, 84, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014 (en diante LCSP).
- Non se atopa incurso nas prohibicións de contratar ás que se refire o artigo 71 da LCSP.
- Esta ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e non ter débedas coa Excm. Deputación Provincial de Lugo (artigo 13 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas).
- Atópase dada de alta no Imposto de Actividades Económicas, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver, de conformidade co estipulado nos artigos 78 e 83 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- No caso de persoa xurídica, as prestacións obxecto deste contrato menor, están comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito da súa actividade a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais.
- Habilita como dirección electrónica a sinalada no anterior apartado “Correo electrónico”, consentindo así mesmo a súa utilización, de conformidade co estipulado no artigo 151.3 e na Disposición Adicional Décimoquinta da LCSP.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, asino a presente en

Sinatura

_____a_____de_____do 2019

ANEXOS ARTESÁNS/ÁS EMPRESAS

ANEXO VIII

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS ESTABLECIDAS NAS BASES DENTRO DO PROGRAMA PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2019

D./D^a _____

DNI _____ con domicilio para os efectos de notificación en _____

TELEFONO (fijo) _____móbil _____e correo

electrónico _____ na condición de representante/interesado (táchese o que non proceda) da asociación _____con NIF _____

FAGO CONSTAR:

- Que acepto e asumo expresamente todas as obrigas e condicións establecidas na presente convocatoria, e asumo así mesmo calquera responsabilidade con terceiros derivada da actividade.
- Realizar as accións nos lugares, días e horas asinados pola Deputación de Lugo.
- Expedir as respectivas facturas da acción realizada.
- Usar o idioma galego nas presentacións das accións.
- Contar cos seguros de responsabilidade civil pertinentes para a realización das accións. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa incluídas as situacións que se poidan producir non só durante a propia acción, senón tamén no desprazamento previo e posterior as accións por parte dos grupos participantes neste programa.
- Non facer ningunha modificación na acción, polo que se xurde calquera tipo de inconveniente poñereime en contacto coa Área de Cultura a través do Centrad
- En ningún caso os artesáns/artesás e empresas participantes no Programa elixen o lugar ou data da acción.
- Portar algún elemento na súa indumentaria de traballo durante a realización da demostración no que figure o logo do Centrad-Área de Cultura e Turismo ou calquera outro obxecto publicitario da Deputación facilitado polo Centro de Artesanía e Deseño.

Sinatura

En,..... a..... de..... de 2019

ANEXOS ARTESÁNS /EMPRESAS

ANEXO IX

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA ACCIÓN ASIGNADA DENTRO DO PROGRAMA PROMOCIÓN DA ARTESANÍA
2019D./D^a _____

DNI _____ con domicilio para os efectos de notificación en _____

TELEFONO (fixo) _____móbil _____e correo

electrónico _____ na condición de representante/interesado (táchese o
que non proceda) da asociación _____ con NIF _____

ACEPTO

RENUNCIO

A ASIGNACIÓN DE DEMOSTRACIÓN de _____ solicitada pola
entidade _____ pertencente ao Concello _____ e
prevista na data _____

Sinatura

En, a de de 2019

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 07/02/2019, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de febreiro do 2019 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 08/04/2019. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 8 de febreiro de 2019.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0400

O CORGO

Anuncio

Este concello notifica a posibles interesados, que as persoas que se indican a continuación, solicitaron autorización de corta de madeira nun monte comunal desta entidade local, aportando plano da zona concreta da corta, o que se fai público para que nun prazo de 15 días hábiles, contados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular alegacións e presentar documentos en defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos.

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE	POLÍGONO E PARCELA	MONTE COMUNAL
JOSEFA VIVES BASTÓN	POLÍGONO 149, PARCELA 543	UZAL - SAN FIZ DE PARADELA

O Corgo, 7 de febreiro de 2019 .- O alcalde, José Antonio Ferreiro González.

R. 0402

O PÁRAMO

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado o orzamento para o exercicio económico 2019, en cumprimento do artigo 169.3 do RD. Legislativo 2/2004, faise público según o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS

A) GASTOS POR OPERACIÓNS CORRENTES

CAPÍTULO I: Gastos de Persoal	453.806,92
CAPÍTULO II: Gastos en BensCorrentes e Servizos:	323.050,00
CAPÍTULO III: Gastos Financeiros:	250,00
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes:	42.100,00

B) GASTOS POR OPERACIONES DE CAPITAL

CAPÍTULO VI: InversiónsReais	191.677,00
CAPÍTULO VII: Transferencias de capital	0,00

OPERACIÓNS FINANCEIRAS

CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX: Pasivos Financeiros	0,00

TOTAL: **1.010.883,92**

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS

A) INGRESOS POR OPERACIÓNS CORRENTES

CAPÍTULO I: Impostos Directos	294.000,00
CAPÍTULO II: Impostos Indirectos	42.000,00
CAPÍTULO III: Taxas e outros Ingresos	92.695,67
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes:	546.900,00
CAPÍTULO V: Ingresos Patrimoniais:	1.300,00

B) INGRESOS POR OPERACIÓNS DE CAPITAL

CAPÍTULO VI: Enaxenación inversiónsreais	0,00
CAPÍTULO VII: Transferencias de Capital	33.988,25

OPERACIÓNS FINANCEIRAS

CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX: Pasivos financeiros	0,00

TOTAL:..... **1.010.883,92**

Na referida sesión tamén se aprobaron as bases de execución, o cadro de persoal, dacordo co que preceptúa o artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducíndose a continuación:

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Denominación	Nºde prazas	Grupo	Escala	Subescala	Situación
Secretario-Interventor	1	A ₁	Habilitación nacional	Secretaría-Intervención	Vacante
Auxiliar administrativo	2	C2	Administración Xeral	Auxiliar	Cuberta en propiedade
Conserxe	1	A.P.	Administración Xeral	Subalterno	Cuberta en propiedade

B) PERSOAL LABORAL

Denominación do posto de traballo	Nº de dotacións
---OFICIAL 1ª DE OBRAS.	1
---OFICIAL 1ª DE SERVICIOS.	1
---A.E.D.L.	1
---AUXILIARES AXUDA A DOMICILIO.	8
---LIMPADORA.	1
Prevese o gasto para a substitución da limpadora de edificios municipais e as auxiliares de axuda a domicilio.	
Na presente relación non se inclúe o persoal a incluír vía modificación orzamentaria.	

Contra a aprobación definitiva do orzamento poderase interpoñer directamente recurso Contencioso-Administrativo, na forma e prazo que establecen as normas de dita xurisdicción, de conformidade co disposto no art.171.1 do RD.2/2004. O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

En O Páramo, a 4 de Febreiro de 2019.- O Alcalde, Gumersindo A. Rodríguez Liz.

R. 0403

PORTOMARÍN*Anuncio*

Habendo quedado definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o Orzamento para o exercicio económico de 2019, por acordo adoptado en sesión celebrada o día once de xaneiro de dous mil dezanove, en cumprimento ao que dispón o artigo 169.3 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, faise público que dito orzamento ascende tanto nos Gastos como en Ingresos a contía de UN MILLÓN SEISCENTOS CUARENTA E SETE MIL CENTO CINCUENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS DE EURO (1.647.152,43 €) correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
A)OPERACIÓNS CORRENTES		
1	GASTOS DE PERSOAL	670.377,15
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVICIOS	526.234,94
3	GASTOS FINANCEIROS	0,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	36.619,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	0,00

TOTAL OPERACIÓN CORRENTES		1.233.231,09
B)OPERACIÓN DE CAPITAL		
6	INVERSIÓN REAIS	233.921,34
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL		233.921,34
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS		1.647.152,43

ESTADO DE INGRESOS

CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
A)OPERACIÓN CORRENTES		
1	IMPOSTOS DIRECTOS	421.984,19
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	31.002,22
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	142.363,34
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	606.233,85
5	INGRESOS PATRIMONIAISINVERSIÓN	31.915,00
TOTAL OPERACIÓN CORRENTES		1.233.498,60
B)OPERACIÓN DE CAPITAL		
6	ALLEAMENTO DE INVERSIONS REAIS	211.653,83
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	22.000,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL		233.653,83
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS		1.647.152,43

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar o cadro de persoal e a relación de postos de traballo desta Corporación que, de acordo co que preceptúa no art. 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, se reproduce a continuación:

CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (Catalogo de persoal e prazas)**A) FUNCIONARIOS DE CARRERA**

Nº	DENOMINACIÓN PLAZA	GRUPO	NIVEL CD
01	Secretario-Interventor Agrup. Guntin	A1/A2	28 (30 a nivel persoal)
01	Ingeniero Técnico Agrícola* (vacante creada Pleno 05-08-14)	A2	22

01	Administrativo	C1	22
01	Administrativo (vacante)	C1	22
01	Arquitecto (vacante)	A1	22

* Actualmente desempeñada por interino.

B) PERSONAL LABORAL FIJO O INDEFINIDO

Nº	DENOMINACIÓN PLAZA
01	Trabajador Social (Fijo)
02	Operario Servicios múltiples, asimilado AP (Fijos)
02	Limpiadoras tiempo parcial, asimilado AP (Vacante) cubiertas con laboral temporal

C) PERSONAL LABORAL TEMPORAL

Nº	DENOMINACIÓN PLAZA
01	Operario Limpieza viaria
02	Trabajadores medioambientales camino de Santiago
07	Auxiliares de Ayuda a Domicilio
01	Agente de Empleo y Desenvolvimento Local
01	Orientador laboral (subvención)
01	Informador juvenil y cultura
01	Monitor deportivo (tiempo parcial)
01	Atención instalación albergue de peregrinos (de temporada)
02	Peón de refuerzo verano
09	Brigada de incendios/conductores motobomba/tractoristas desbroces

De conformidade co preceptuado no art. 171.l do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, contra a aprobación definitiva do orzamento municipal poderase interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na forma e prazos que establecen as normas da xurisdición contencioso-administrativa.

Portomarín, 8 de febreiro de 2019.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López

R. 0452

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO XERAL 2019

En cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que transcorrido o prazo de información pública do expediente do Orzamento Xeral do Concello de Ribadeo para o exercicio 2019, aprobado inicialmente en sesión plenaria de 22/01/2019, e non sendo presentadas reclamacións durante o período de exposición, queda este definitivamente aprobado, sendo o seu resumo por capítulos o seguinte:

ESTADO DE INGRESOS

Cap.	Denominación	Euros
1	Impostos directos	2.621.000,00 €
2	Impostos indirectos	160.000,00 €
3	Taxas e outros ingresos	2.455.406,79 €
4	Transferencias correntes	2.937.042,24 €
5	Ingresos patrimoniais	13.924,66 €
6	Alleamento de investimentos reais	0,00 €
7	Transferencias de capital	313.323,90 €
8	Activos financeiros	27.045,54 €
9	Pasivos Financeiros	678.215,00 €

Total Estado de Ingresos 9.205.958,13 €

ESTADO DE GASTOS

Cap.	Denominación	Euros
1	Gastos de persoal	4.001.461,72 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.444.677,86 €
3	Gastos financeiros	10.850,00 €
4	Transferencias correntes	314.313,56 €
5	Continxencias	20.000,00 €
6	Investimentos reais	1.149.539,02 €
7	Transferencias de capital	177.413,83 €
8	Activos financeiros	27.045,54 €
9	Pasivos financeiros	60.656,60 €

Total Estado de Gastos 9.205.958,13 €

De conformidade co disposto no artigo 171 do referido Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, contra esta aprobación poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia durante o prazo de dous meses a partir da publicación deste anuncio, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro que se estime conveniente.

Do mesmo xeito e en cumprimento do disposto no artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, faise público o cadro de persoal aprobado xunto co orzamento:

CADRO DE PERSOAL CONCELLO DE RIBADEO

ORZAMENTO XERAL DE 2019

Artigo 90.1 Lei 7/1985, de 2 de abril, RBRL

A) PRAZAS RESERVADAS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACIÓN	NUMERO	VACANTES	GRUPO	OBSERVACIÓNS
1.- HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL				
1.1.- SECRETARIO/A	1	1	A1	Vacante
1.2.- INTERVENTOR/A	1	---	A1	
1.3.- TESOUREIRO/A	1	1	A1	Nomeamento provisional
2.- ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL				
2.2.- SUBESCALA ADMINISTRATIVA				
2.2.1.- TÉCNICO ADMINISTRACIÓN XERAL	1	---	A1	
2.2.2.- TÉCNICO DE XESTIÓN	1	1	A2	Cuberta Interinidade
2.2.3.- ADMINISTRATIVO SECRETARIA	2	---	C1	

2.2.4.- ADMINISTRATIVO SERVIZOS ECONÓMICOS	1	---	C1	
2.2.5.- ADMINISTRATIVO (RECADADOR)	1	---	C1	
2.2.6.- ADMINISTRATIVO (RENDAS- EXACCIÓNS)	1	---	C1	
2.3.- SUBESCALA AUXILIARES				
2.3.1.- AUXILIARES ADMINISTRATIVOS	1	1	C2	Cuberta Interinidade
2.4.- SUBESCALA SUBALTERNOS				
2.4.1.- ORDENANZA	1	--	E (AA.PP)	
3.- ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL				
3.1.- SUBESCALA TÉCNICA				
3.1.1.- ARQUITECTO	1	---	A1	
3.1.2.- APARELLADOR	1	1	A2	Cuberta interinidade
3.1.3. TÉCNICO MEDIO AMBIENTE	1	1	A1	Vacante
3.1.4. TÉCNICO INFORMÁTICO	1	1	C1	Vacante
3.2.- SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS				
3.2.1.- POLICÍA LOCAL				
3.2.1.1.- INSPECTOR XEFE	1	---	A2	
3.2.1.2.- AXENTE POLICÍA	11	2	C1	2 Vacantes
3.2.2.- PERSOAL DE OFICIOS				
3.2.2.1.- COORDINADOR (CAPATAZ)	1	---	C2	
3.2.2.2.- OFICIAL OBRAS	1	---	C2	
3.3.- INMOBLES ESCOLARES				
3.3.1.- CONSERXE-CELADOR DE INMOBLES	1	---	E (AA.PP)	
TOTAL	31	9	---	

B) PRAZAS SUXEITAS Á LEXISLACIÓN LABORAL

DENOMINACIÓN	NUMERO	VACANTES	GRUPO (ASIMIL.)	OBSERVACIÓNS
1. DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA				
UNIDADE DE REXISTRO, PADRÓN, ARQUIVO				
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	---	C2	
2. DEPARTAMENTO DE OBRAS, CEMITERIO, LIMPEZA E SERVIZOS MÚLTIPLES				

UNIDADE DE OBRAS				
ARQUITECTO OFICINA REHABILITACIÓN	1	---	A1	
ADMINISTRATIVO OFICINA REHABILITACIÓN	1	---	C1	
OFICIAL ENCARGADO OBRAS	1	---	C2	
OFICIAL OBRAS	2	1	E (AA.PP)	
OPERARIO OBRAS- SERVICIOS MÚLTIPLES	2	---	C2	
CONDUTOR PALA RETROESCAVADORA	1	---	C2	
UNIDADE DE CEMITERIO- SERVICIOS FUNERARIOS				
PEÓN COVEIRO	1	1	C2	Segundo RPT a praza é Laboral Admón Especial. Cuberta interinidade
UNIDADE DE LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE				
XEFE GRUPO MEDIO AMBIENTE	1	---	C2	
CONDUTOR MECÁNICO	1	1	C2	Cuberta interinidade
OFICIAL CONDUTOR	1	1	C2	Cuberta interinidade
CONDUTOR RECOLLIDA ENSERES	1	---	C2	
OPERARIOS SERVIZO RECOLLEITA	2	2	E (AA.PP)	Laboral Indefinido
OPERARIOS SERVIZO LIMPEZA	9	4	E (AA.PP)	Laboral Indefinido (3) Vacantes (1)
OPERARIO XARDINERÍA	1	---	E (AA.PP)	
OPERARIOS XARDINERÍA -SERV. MULTIPLES	4	3	E (AA.PP)	Vacantes (3)
CHOFER DESBROZADORA	1	1	C2	Laboral indefinido
UNIDADE SERVICIOS MANTEMENTO				
ELECTRICISTA	1	1	C2	Segundo RPT a praza é Laboral Admón Especial Vacante(1)
AUXILIAR ELECTRICISTA	1	---	C2	
3. DEPARTAMENTO DE SERVICIOS SOCIAIS				
TRABALLADOR SOCIAL	2	1	A2	1 Laboral Indefinido vinculado a subvención

EDUCADOR FAMILIAR	1	---	A2	
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	---	C2	
AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	11	11	E (AA.PP)	11 Laboral Indefinido
AUXILIAR PISOS TUTELADOS	1	1	E (AA.PP)	Laboral Indefinido. Suprimese unha praza vacante por xubilación
PSICÓLOGO SERVIZO DROGODEPENDENCIA	1	---	A1	
AVOGADA/O CENTRO INFORMACIÓN MULLER	1	---	A1	
4. DEPARTAMENTO DE CULTURA, XUVENTUDE, DEPORTE, TURISMO E DESENVOLVEMENTO LOCAL				
UNIDADE DE CULTURA				
TÉCNICO DE CULTURA	1	1	A2	Laboral Indefinido
TÉCNICO INFORMACIÓN XUENIL	1	---	A2	
AUXILIAR OFICINA TURISMO	1	1	C2	Cuberta interina
BIBLIOTECARIA MUNICIPAL	1	---	A2	
LIMPADORA BIBLIOTECA MUNICIPAL	1	---	E (AA.PP)	Media xornada
UNIDADE DEPARTAMENTO DE DEPORTES				
RESPONSABLE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	1	1	C2	Vacante (1)
MONITOR DEPORTES	1	1	C2	Laboral Indefinido
UNIDADE DE INFORMACIÓN AO CONSUMIDOR				
AUXILIAR O.M.I.C.	1	---	C2	
UNIDADE DE MÚSICA				
PROFESORES ESCOLA DE MUSICA	14	12	A2	4 Fixos discontinuos (2 vacantes); 1 vacante; 9 Laboral Indefinido
UNIDADE DE DESENVOLVEMENTO LOCAL				
AXENTE DESENVOLVEMENTO LOCAL	1	---	A1	
TOTAL	74	44		

Ribadeo, a 15 de febreiro de 2019.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA

R. 0490

O VALADOURO

Anuncio

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (1 OPERARIO, 1 OPERARIO-CONDUTOR DE MAQUINARIA E VEHÍCULOS PESADOS E 2 OPERARIOS-CONDUTORES PARA O MANEXO DO TRACTOR DESBROZADOR PARA O SERVIZO DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS) AO ABEIRO DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA O ANO 2019

PRIMEIRA.— OBXECTO E NORMAS DE APLICACIÓN

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal, a través do proceso de selección de concurso-oposición, de 4 traballadores (1 operario, 1 operario-condutor de maquinaria e vehículos pesados e 2 operarios-condutores para o manexo do tractor desbrozador para o servizo de protección e mantemento de espazos naturais) para a realización de diversos traballos ó abeiro do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2019.

As probas selectivas para o acceso ás convocadas seralles de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real Decreto Lexislativo 781/86 do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia, Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións aplicables.

SEGUNDA.— CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS DE TRABALLO LABORAL CONVOCADO

O número de postos de traballo, a súa denominación e características relaciónanse de seguido:

- **Número e denominación dos postos:** (1 operario, 1 operario-condutor de maquinaria e vehículos pesados e 2 operarios-condutores para o manexo do tractor desbrozador para o servizo de protección e mantemento de espazos naturais)
- Servizo de protección e mantemento de espazos naturais.
- **Modalidade contractual:** A modalidade de contrato de traballo temporal a tempo completo durante 6 meses, dende o 15 de marzo ata o 15 de setembro de 2019.
- **Funcións:**
 - 1 traballador, operario - Servizo de Protección e mantemento de espazos naturais, traballos diversos tales como:
 - Axudar a combater a ameaza dos incendios forestais.
 - Mantemento e renovación de parques, xardíns e áreas naturais referenciados na Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais.
 - Calquera outra función relacionada co seu posto de traballo que lle encomende o seu superior xerárquico.
 - 1 traballador operario-condutor de maquinaria e vehículos pesados - Servizo de Protección e mantemento de espazos naturais, traballos diversos tales como:
 - Manexo de maquinaria e vehículos pesados.
 - Axudar a combater a ameaza dos incendios forestais.
 - Mantemento e renovación de parques, xardíns e áreas naturais referenciados na Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais.
 - Calquera outra función relacionada co seu posto de traballo que lle encomende o seu superior xerárquico.
 - 2 traballadores, operarios-condutores para o manexo do tractor desbrozador para o servizo de protección e mantemento de espazos naturais, traballos diversos tales como:
 - Manexo de tractores desbrozadores.
 - Axudar a combater a ameaza dos incendios forestais.
 - Mantemento e renovación de parques, xardíns e áreas naturais referenciados na Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais.
 - Calquera outra función relacionada co seu posto de traballo que lle encomende o seu superior xerárquico.

- Retribucións: As retribucións que correspondan segundo o Convenio Correspondente.

TERCEIRA.—REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. Tódolos requisitos así como os méritos alegados para o concurso, deberán reunirse á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

2. Con carácter xeral os aspirantes, con anterioridade á finalización do prazo de presentación de instancias, deberán reunir os seguintes requisitos para poder tomar parte nas probas de selección:

a) Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados Membros da Unión Europea, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados Membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade

dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros co residencia legal en España.

b) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con diversidade funcional cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao Corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

3. Serán requisitos específicos:

- 1 traballador, operario - Servizo de Protección e mantemento de espazos naturais:
 - Permiso de conducir clase B.
- 1 traballador operario-condutor de maquinaria e vehículos pesados – Servizo de Protección e mantemento de espazos naturais
 - Permiso de conducir clase C.
 - Certificado de aptitude profesional (CAP) no caso de ser obrigatorio de conformidade co réxime transitorio establecido na Disposición Transitoria Segunda do Real Decreto 1032/2007, do 20 de xullo, polo que se regula a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos dedicados ao transporte por estrada.
- 2 traballadores, operarios-condutores para o manexo do tractor desbrozador para o servizo de protección e mantemento de espazos naturais :
 - permiso de conducir clase B.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.-As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, en modelo que se facilitará no Rexistro Xeral da Corporación, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base terceira desta convocatoria.

2.- Os aspirantes con algunha diversidade funcional terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

3.-As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello do Valadouro no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados dende o día seguinte da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/15, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os concursantes deberán comunicalo mediante fax (982 574303) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias

4.- A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Copia compulsada do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- Copia compulsada do permiso de conducir esixido.
- Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase de concurso, que se acompañará da documentación orixinal (ou fotocopias autenticadas) acreditativa dos mesmos.

Non se terán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, tódolos documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar traducidos, validados e apostilados

pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado Membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentarán os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa de dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ao seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ao mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Non poderán participar na presente convocatoria aquelas persoas que teñan prestado servizos no Concello do Valadouro con carácter temporal por un período de 18 meses nos últimos 24 meses, con independencia de que a relación laboral tivera ou non continuidade en dito período.

QUINTA.—ADMISIÓN DE ASPIRANTES

1. Rematado o prazo para presentalas instancias, o Alcalde ditará resolución no prazo máximo de dous días hábiles que conterà:

- A lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.
- A designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución
- A data, hora e lugar en que se realizará a proba práctica e valoración de méritos.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web.

2. Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de dous días hábiles, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

3. Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante resolución pública de Alcaldía, publicada no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4. De non haber excluídos ou se non se presentaran reclamacións, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

5. A inclusión dos aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na base 9ª.

SEXTA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente segundo o disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Non poderán formar parte do Tribunal os funcionarios ou laborais que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á convocatoria.

O tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

O tribunal cualificador estará integrado do seguinte feito:

- Presidente: Un funcionario de carreira ou persoal laboral. Con voz e voto.
- Secretario: Un funcionario de carreira ou persoal laboral. Con voz e voto.
- Vogal: Un funcionario de carreira ou persoal laboral. Con voz e voto.

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 24 da lei citada.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e Secretario.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

SÉTIMA.—PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN

O proceso de selección: Concurso- oposición

FASE DE CONCURSO: O Tribunal terá en conta os méritos alegados e acreditados, de acordo co seguinte baremo:

1. Cursos e outras actividades de formación relacionados coas funcións do postos (**máximo 1,00 puntos**)
Acreditarase mediante copia do Título, Diploma ou certificación.
 - Cursos de duración igual ou inferior a 10 horas ou duración non acreditada: 0,05 puntos por cada un.
 - Cursos de máis de 10 horas e ata 25 horas: 0,10 puntos por cada un.
 - Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,15 puntos por cada un.
 - Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,20 puntos por cada un.
 - Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,25 punto por cada un.
 - Cursos de mais de 150 e ata 200 horas: 0,30 puntos por cada un.
 - Por cada curso de mais de 200 horas: 0,35 puntos.
2. Experiencia profesional (**máximo 3,00 puntos**) Acreditarase a través de certificación oficial de vida laboral actualizada e a copia do contrato ou certificado de empresa en que consten as tarefas realizadas e a duración.
 - Por cada mes de servizo realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado nunha Entidade pública.....0,40 Puntos.
 - Por cada mes de servizo realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado nunha Entidade Privada.....0,10 Puntos.

FASE DE OPOSICIÓN: Proba Práctica. (**Máximo 6,00 Puntos**)

Realizarase unha ou varias probas prácticas sobre as funcións a realizar.

OITAVA.- ELABORACIÓN E FUNCIONAMENTO DUNHA LISTA DE RESERVA.

Co fin de asegurar a cobertura das prazas convocadas, no caso de que se produzan renuncias de algún dos aspirantes seleccionados, con anterioridade ou posterioridade ao nomeamento ou á toma de posesión, o órgano de selección elaborará unha proposta complementaria (lista de reserva) na que figurarán os/as aspirantes por orde de puntuación acadada e sempre que tiveran superado o proceso selectivo.

Cando sexa necesario proceder aos correspondentes chamamentos ofertarase ao primeiro da lista que estea pendente de chamar, enviandolle un telegrama, burofax ou aquel outro sistema de comunicación fehaciente equivalente, dandolle un prazo de 48 horas para que acepte ou renuncie ao ofertado. Así mesmo tentarase comunicar por teléfono coa finalidade de acurtar os prazos. Se non se recollese o telegrama ou comunicación efectuada equivalera a renuncia ao ofertado e procederase a chamar ao seguinte da lista.

Cando se produza o cesamento dun integrante da lista, este reincorporarase ao posto da lista que lle corresponda por puntuación.

NOVENA.-APORTACIÓN DE DOCUMENTOS

No prazo de dous días hábiles seguintes á data de publicación do resultado de selección, os aspirantes propostos deberán xustificar que reúnen os requisitos esixidos na base 3ª desta convocatoria, presentando documentos que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo, é dicir:

- a) Certificación acreditativa de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento da súa función.
- b) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- c) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Se o aspirante proposto tivese a condición de diversidade funcional acreditará mediante certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións da praza.

Se no prazo sinalado, salvo casos de forza maior, algún dos aspirantes propostos non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder ao seu nomeamento, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

DÉCIMA.—NOMEAMENTO.

Unha vez presentada a documentación sinalada no apartado anterior, o Presidente da Corporación, fará o nomeamento a favor das persoas propostas polo Tribunal Cualificador.

UNDÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar desde a data de notificación do acordo de nomeamento. Quen no prazo indicado non formalice o contrato sen causa xustificada quedará na situación de cesante, con perda de tódolos dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, con horario de mañá ou de tarde, ou mesmo fraccionado a xornada se fose preciso, e de acordo coa lexislación aplicable.

DUODÉCIMA.- BOLSA DE EMPREGO.

A lista complementaria de reserva prevista na base 8ª constituirase nunha bolsa de emprego, á que se acudirá para o caso de que algunha praza contratada ao abeiro desta convocatoria quedase definitivamente vacante por algunha circunstancia ou para realizar algunha substitución temporal con reserva de praza (referida a estas prazas)

DÉCIMO TERCEIRA.—NORMAS FINAIS

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei de medidas para a reforma da Función Pública, na Lei de emprego público de Galicia, no Real Decreto 896/1991, sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, no no Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado e na demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base 4ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración do proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello.

Terceira.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como das actuacións dos tribunais cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Cuarta.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

ANEXO I (modelo de instancia)

D./D.^a.....con
 DNI.....nado/-a.....(data nacemento)veciño/-a
 de....., con enderezo a efectos de notificación
 en.....
 teléfono.....,

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para a cobertura de unha praza de (Sinala con un aspa a praza/s para a cal/es solicita a participación)

- OPERARIO PARA O SERVIZO DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS
- OPERARIO-CONDUTOR DE MAQUINARIA E VEHÍCULOS PESADOS PARA O SERVIZO DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS
- OPERARIO-CONDUTOR PARA O MANEXO DO TRACTOR DESBROZADOR PARA O SERVIZO DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos, referidos á finalización do prazo sinalado para a presentación de instancias.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados:

(relación de documentación esixida e de méritos alegados)

Polo tanto SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o/os posto/s arriba indicado/s.

O Valadouro,, de de 2019
 (sinatura)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DO VALADOURO

O Valadouro, 8 de febreiro de 2018.- O Alcalde, Edmundo Maseda.

R. 0404

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

DOÑA MARÍA DE LOS ÁNGELES LÓPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 3 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento de **EJECUCIÓN DE TÍTULOS JUDICIALES 162/2017** de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de **DOÑA SHEILA CABANA MONTES** contra la **EMP. “HORUS, C.B.”, DON FERNANDO TRIGO MÉNDEZ y DOÑA MARÍA DEL CORAL FERNÁNDEZ ARIAS**, sobre **RECLAMACIÓN DE CANTIDAD**, se ha dictado **DECRETO** de fecha 04-02-2019, cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

“ACUERDO: DEJAR SIN EFECTO EL EMBARGO Y PRECINTO, en su día acordado por Decreto de 31-05-2018, respecto del vehículo matrícula 6793GCR y, en tal sentido, se expiden y remiten los oportunos despachos.

Hágase entrega de la cantidad de **2,36 EUROS** a **DOÑA SHEILA CABANA MONTES** en concepto de intereses.

Notifíquese esta resolución a las partes.

MODO DE IMPUGNARLA: mediante **recurso de reposición** a interponer en este Juzgado dentro de los **TRES DIAS HÁBILES** siguientes a su notificación, previa consignación de 25,00 euros en la cuenta de este juzgado 2324/0000/30/0162/17, con las excepciones previstas en la Disposición Adicional decimoquinto de la Ley Orgánica 1/2009 de 3 de Noviembre.

Así lo manda y firma Doña María de los Ángeles López Carballo, Letrada de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social número tres de Lugo; doy fe.”

Y para que sirva de **NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA** a **EMP. “HORUS, C.B.”, DON FERNANDO TRIGO MÉNDEZ y DOÑA MARÍA DEL CORAL FERNÁNDEZ ARIAS**, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, cuatro de febrero de dos mil diecinueve.- **LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 0405

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A., PRESIDENCIA

Anuncio

El artículo 95.1 del Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de julio, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Aguas atribuye a los Organismos de cuenca la competencia para realizar deslinde de los cauces de dominio público hidráulico.

En tal sentido, con fecha 6 de junio de 2018, la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. acordó de oficio la incoación procedimiento administrativo de deslinde del dominio público hidráulico del siguiente cauce:

- Rego Amedo a su paso por la parroquia de Santa María de Vilar, en el concello de Sarria (LUGO). Expediente A/27/28922D.
- Tramo a deslindar, en ambas márgenes, discurre entre las coordenadas UTM ETRS89 de inicio X=629.033; Y=4.742.915, y el punto final X=628.920; Y=4.743.286 en el término municipal de Sarria (LUGO).

De conformidad con el apartado cuarto del artículo 242 del Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, por el que se aprueba el Reglamento del Dominio Público Hidráulico, una vez completada la documentación a que se refiere el apartado tercero, que incluye la preparación de la propuesta de deslinde definida mediante línea poligonal referida a puntos fijos, se anuncia la realización del **TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA** con apertura de plazo de UN (1) MES a partir de la publicación del presente anuncio para examinar en las oficinas del Organismo de cuenca la documentación y, en su caso, formular alegaciones y aportar o proponer pruebas.

Para ello, dicha documentación se encuentra disponible en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil en Ronda da Muralla, 131 - 2º, Lugo (LUGO).

OURENSE, 31 de enero de 2019.- EL PRESIDENTE, JOSÉ ANTONIO QUIROGA DÍAZ.

R. 0398

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A., COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente: A/27/21708

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 08 de enero de 2019 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Granja Campomayor, S.L., la oportuna modificación de características de la concesión para aprovechamiento de 0,291 l/s de agua procedente de un pozo, en el lugar de Ximonde, parroquia de Vilar de Donas (San Salvador), T.M. de Palas de Rei (Lugo), con destino a usos ganaderos (explotación avícola) consistente en la incorporación de un nuevo pozo y ampliación de usos a usos industriales y riego de zona ajardinada con incremento del caudal a derivar.

Lugo,31 de enero.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0406

Anuncio

Expediente: A/27/25618

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 08 de enero de 2019 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada al Monte Vecinal en Mano Común de Los Villares, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,25 l/s de agua procedente de una fuente, en el paraje de Monte Castro Freire, lugar de A Forcamuniz, parroquia de Os Vilares (San Vicenzo), término municipal de Guitiriz (Lugo), con destino a extinción de incendios.

Lugo,31 de enero.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R.- 0407

Anuncio

Expediente: A/27/25794

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 31 de diciembre de 2018 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a José Luis Pérez Prado, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,0283 l/s de agua procedente de un manantial sito en la finca O Choqueiro da Campaza, en el lugar de Penela, parroquia de Carteira (Santa María), término municipal de Palas de Rei (Lugo), con destino a usos domésticos y ganaderos.

Lugo,31 de enero.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R.- 0408

Anuncio

Expediente: A/27/24783

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 08 de febrero de 2019 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Vrio Pack, S.L., la oportuna concesión para aprovechamiento 1,33 l/s de agua procedente de un pozo, en el lugar de Maúñfe, parroquia de Francos (Santiago), término municipal de Outeiro de Rei (Lugo), con destino a riego de 0,2 has.

Lugo,31 de enero.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0409

Anuncio

Expediente: A/27/02761

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 08 de enero de 2019 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Fernando Arias Rodríguez, Enrique Arias Rodríguez y Aurelia Rodríguez López, la oportuna novación de la concesión de un aprovechamiento de 0,14 l/s de agua procedente del río Pequeño, denominado río Celeiro por el peticionario, en el lugar de A Rañoá, parroquia de Barbadelo (Santiago), término municipal de Sarria (Lugo), con destino a riego de 0,265 has, otorgada a Eliseo Arias Armesto por resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte de fecha 22/04/1996, y la modificación de características de la novación consistente en el incremento del caudal a derivar a 0,73 l/s.

Lugo,31 de enero.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0410
